


Tema 3: A diversidade climática de Espanha




O TEMPO E O CLIMA

- Diferenciar os conceptos de tempo atmosférico e clima



Mañá os ceos estarán cubertos, polo que o clima non permitirá disfrutar dun día soleado

Mañá os ceos estarán cubertos, polo que o tempo non permitirá disfrutar dun día soleado



- España ten unha gran diversidade climática



resultante da combinación

FACTORES DO CLIMA

Son as variables que exercen unha influencia permanente sobre o clima

- Factores xeográficos: latitude e situación da Península, a influencia do mar e o relevo.
- Factores termodinámicos: en altura a corrente en chorro; en superficie os centros de acción, masas de aire e fronteas.

ABAU: Exercicio teórico:

- Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España.

ELEMENTOS DO CLIMA

Son os compoñentes medibles da atmosfera




- A insolación e a nubosidade
- A temperatura do aire
- A humidade
- A presión e o vento
- As precipitacións
- A evaporación e a aridez

OS FACTORES XEOGRÁFICOS


a) A latitude

Recorda: A distancia que percorren os raios do Sol e o ángulo co que inciden sobre a superficie terrestre varía segundo a latitude, dando lugar a unha distinta insolación...

- España está situada na **zona temperada** do Hemisferio Norte, pero na súa metade sur...



- Esa situación en latitudes medias determina a **existencia de catro estacións ao longo do ano...**




b) A situación da Península

• Situada entre:

- dúas masas de auga de características térmicas moi distintas...
- entre dous continentes de características térmicas moi distintas..



lugar de encontro de masas de aire moi diferentes



c) A influencia do mar

• A escasa influencia atemperante do mar no interior peninsular é debida:

- grande anchura da Península...
- costas pouco recortadas, agás...
- existencia de relevos montañosos paralelos á costa...


Orixinan un claro contraste climático:

- *periferia*: < amplitude térmica, > precipitacións
- *interior*: rasgos de *continentalidade*: > amplitude térmica, < precipitacións



Sabías que...as correntes mariñas poden ter tamén unha gran influencia no clima?



No norte da Península, as correntes mariñas de carácter cálido suavizan as temperaturas, mentres que en Canarias a corrente mariña de carácter frío refresca as temperaturas que, doutro modo, serían máis elevadas, dada a proximidade ao continente africano.



d) O relevo

- Consecuencias da **disposición** do relevo:

- Sistemas montañosos **paralelos á costa: frean a influencia do mar** cara ao interior, agás no caso do Val do Guadalquivir e parte de Estremadura.
- **Posición oeste-leste** dalgúns sistemas montañosos (Cord. Cantábrica, Pireneos, Sistema Central, Montes de Toledo e Cord. Penibéticas) **dificultan** a entrada de masas de aire procedentes do **norte ou o Sur**, pero **favorece** a entrada do aire do **oeste**, o problema será neste caso a anchura da Península ...
- As **concas pechadas por montañas** (Douro, Ebro) teñen precipitacións escasas porque... e son frecuentes as néboas.




- Consecuencias da **altitude**:

- **Diminúe** a temperatura $0,5/0,6^{\circ}\text{C}$ por cada 100 metros -gradiente térmico vertical- (non esquecer a elevada altitude media do interior peninsular) e aumenta as precipitacións...

- Consecuencias da **orientación**:

- Provoca **precipitacións orográficas**...

- Orixina contrastes climáticos locais entre as *solainas* ou *solleiros* e as *umbrías*, *sombrías* ou *avesedos*.



Barlovento*

Umbría*

